

**ADMINISTRACIÓN LOCAL  
MUNICIPAL  
PORRIÑO, O**

**Persoal, oposicións**

*BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A UNHA PRAZA  
VACANTE DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL*

**ANUNCIO**

Por Decreto da Alcaldía de data 22 de novembro de 2.018, ditado no expediente Nº. 5022/2018, aprobáronse as Bases seguintes:

**BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A UNHA PRAZA  
VACANTE DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DO PORRIÑO INTEGRADA  
NA OEP DO ANO 2016 E NA SÚA MODIFICACIÓN.**

**1ª.—Número de prazas e características**

Convócanse unha (1) praza da categoría de oficial de policía, integrada no grupo C, subgrupo C1, da escala básica de administración especial, subescala de servizos especiais, do Corpo da Policía Local do Concello do Porriño, e incluída na Oferta de Emprego Público do 2016, e na súa Modificación aprobada por resolución da Alcaldía, de data 24-01-2018 e publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 78, de 23-04-2018.

A devandita praza está dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e coas complementarias asignadas a devandita praza.

**2ª.—Incompatibilidades**

O persoal nomeado non poderá exercer ningunha outra actividade pública ou privada, e quedará afectado ao establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades de Persoal ao Servizo das Administracións públicas.

**3ª.—Procedemento de acceso**

Establécese o procedemento de concurso de méritos no sistema de mobilidade horizontal para o acceso de funcionarios desde outros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia.



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

**4ª.—Publicación das bases e anuncio da convocatoria**

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no taboleiro de Edictos e na páxina web [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org) do Concello do Porriño, e un anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE) e no Diario Oficial de Galicia (DOG), computándose o prazo de presentación de solicitudes, en calquera caso, desde a publicación do citado anuncio no BOE.

**5ª.—Requisitos para o acceso**

1. Para poder tomar parte no proceso selectivo polo procedemento de mobilidade horizontal, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ostentar a categoría de oficial noutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Posuír unha antigüidade mínima de tres anos na citada categoría de oficial, requisito que se acreditará mediante certificación expedida pola entidade ou entidades nas que o aspirante prestara os seus servizos.

b) Faltarlle oito anos como mínimo para o pase previsto á situación de segunda actividade.

c) Non ter sido sancionado por falta grave ou moi grave, ou telas canceladas, que se acreditará mediante certificación expedida pola entidade na que o aspirante este prestando os seus servizos.

d) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada.

e) Presentación do xustificante de pagamento dos dereitos de participación no proceso selectivo.

2. Todos estes requisitos deberán acreditarlos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

**6ª.—Presentación de solicitudes e documentación para a fase de concurso**

As solicitudes dirixiranse á Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño, e presentaranse no Rexistro Xeral, en horario de 9:00 a 14 horas de luns a venres, durante o prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel en que se publique o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. A solicitude conterà, os datos persoais do solicitante, co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, achegando unha copia do DNI, xustificación do pagamento dos dereitos de participación no proceso selectivo e demais requisitos esixidos na base anterior. Xunto coa solicitude e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias, os aspirantes deberán achegar copia da documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no baremo do concurso (base 10ª).



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

Para a xustificación dos méritos o aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar no devandito prazo copia da correspondente solicitude, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso, non procederá a súa valoración senón fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración polo Tribunal segundo o baremo determinado na base 10ª.

O Tribunal poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados e sen xustificación nos termos establecidos nos dous parágrafos anteriores.

Así mesmo as solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 16. 4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de presentase as solicitudes en lugar distinto do rexistro xeral deste Concello e conveniente que os/as interesados/as remitan por fax unha copia da instancia ó número 986/33.58.50 dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de ser certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que as remitirán seguidamente ao organismo competente.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

### **7ª.—Dereitos de participación no proceso selectivo**

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas convocadas o aboamento da taxa por participar no proceso selectivo de conformidade co establecido na base quinta.

Para isto, os aspirantes deberán ter ingresado na conta IBAN ES55 2080 5054 02 31 1001 7139 que o Concello do Porriño ten aberta en ABANCA Corporación Bancaria, S.A (sucursal do Porriño) a cantidade de 15,95 euros en concepto de participación no proceso de selección segundo a vixente ordenanza fiscal deste Concello.

No xustificante de aboamento, que se deberá achegar á solicitude, deberá constar o nome e apelidos do aspirante, pago dereito proceso selectivo oficial policía local, mobilidade OEP 2016.

Os dereitos de exame seranlles reintegrados á petición dos interesados, aos aspirantes que fosen excluídos definitivamente da listaxe de admitidos.



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

En ningún caso a mera presentación do referido xustificante e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

### **8ª.—Relación de aspirantes admitidos e excluídos**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e despois de comprobadas, a Sra. Alcadesa dictará resolución pola que declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, das causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal cualificador.

A resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e no taboleiro de anuncios do Concello, sito na rúa Antonio Palacios núm. 1, e, de forma complementaria, na páxina web [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), concedéndose un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOPPO, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais.

Transcorrido o prazo anterior, a Alcaldía dictará nova resolución pola que se aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo e fixará a hora, lugar e data en que se constituirá o tribunal que avaliará os méritos. Esta resolución tamén se publicará no BOPPO, no taboleiro de anuncios do Concello, e, de forma complementaria, na páxina web [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).

### **9ª.—Tribunal**

O tribunal da selección cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición do Tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade das persoas que os integren, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home, e os seus membros deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para a participación no proceso selectivo. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 34 da Lei 4/2007 de Coordinación de policía locais e no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz pero sen voto, quen colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

O tribunal está facultado e queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Aos membros do tribunal e os citados asesores e persoal auxiliar que concorran ás súas sesións, aboaráselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

### **10ª.—Procedemento de selección**

O procedemento de selección, no sistema de mobilidade, é o de concurso que consiste na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas, se é o caso, polos aspirantes, segundo o baremo establecido no anexo III da Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, que é o seguinte:



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

## 1. Titulacións académicas

As titulacións que se baremarán serán as seguintes:

- Titulo universitario de postgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
- Titulo universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.
- Bacharel, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, agás que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias cu as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse polo aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza a mesma e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

## 2. Antigüidade

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos e forzas de seguranza: 0,10 puntos.
- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

## 3. Formación e docencia

### 3.1. Formación profesional continua:

3.1.1. Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.
- Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

3.1.2. Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
- Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
- Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
- Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
- Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 punto.
- Mais de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguranza; os cursos repetidos, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións indicadas no anterior apartado (1. Titulacións académicas), nin a superación de materias destes.

### 3.2. Docencia:

3.2.1. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas; dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguranza, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

3.2.2. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, desenvoltas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos deste apartado 3 deberán acreditarse dentro do prazo establecido nas presentes bases, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

#### 4. Distincións e recompensas oficiais

- Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
- Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.
- Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.
- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
- Distincións do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

#### 5. Idiomas

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado de Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

##### a) Ciclos.

- Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 punto.
- Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.

##### b) Niveis.

- Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
- Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
- Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

#### 6. Lingua galega

- Celga 1: 0,25.
- Celga 2: 0,50.
- Celga 3: 0,75.
- Celga 4: 1,00.
- Anterior curso de iniciación: 0,75.
- Anterior curso de perfeccionamento: 1,00.
- Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 1,50.
- Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 2,00.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

A puntuación final de cada aspirante consistirá na suma das cualificacións dos méritos totais

#### **11ª.—Puntuación final dos aspirantes e publicación da relación de aspirantes coas puntuacións obtidas**

A puntuación final de cada aspirante consistirá na suma das cualificacións dos méritos totais, sen limitación.





Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

Concluída a valoración dos méritos, o Tribunal propoñerá a adxudicación da praza ofertada ao aspirante con puntuación máis alta.

En caso de empate na puntuación final establécese para desempatar, a seguinte orden de prioridade:

1º. Preferencia da muller respecto do home dada a infrarrepresentación do sexo feminino no corpo da policía local deste Concello e en aplicación do disposto no artigo 37 da Lei de Igualdade de Galicia e no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

2º. Maior puntuación obtida no apartado de valoración da formación.

3º. Data de ingreso nos corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia adxudicándose a praza ao solicitante de maior antigüidade.

Se aínda persistirá o empate entre os aspirantes, ordenaranse por orden alfabético dos seus apelidos, comezando pola letra establecida anualmente para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos en que o aspirante proposto non chegue a ser nomeado ou non tomase posesión, a Alcaldía, ao abeiro do disposto no artigo 61.8 do Real decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, poderá substituílo polo seguinte aspirante segundo a orde de puntuación final acadado.

A relación de aspirantes coa baremación, puntuacións finais e proposta do Tribunal publicarase no taboleiro de anuncios Concello do Porriño, de forma complementaria, publicarase na páxina web [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).

Contra a baremación, os aspirantes poderán presentar reclamación ante o propio Tribunal no prazo de cinco días, contados a partir do día seguinte ao da citada publicación da baremación/puntuación final.

Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e procederase á publicación definitiva no taboleiro de anuncios do Concello, e, de forma complementaria, na páxina web [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org). Contra esta resolución, poderán os interesados interpoñer recurso de alzada conforme o previsto no art. 121 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## **12ª.—Nomeamento e toma de posesión**

Ao ter o aspirante proposto/a a condición de funcionario de carreira na categoría de oficial de policía local non terá que xustificar documentalmente os requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento e praza, unicamente deberá presentar, no prazo de 20 días naturais, contados desde o día da publicación do resultado do proceso selectivo, certificación do concello de orixe que acredite tal condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal (número de trienios, grao consolidado, etc.).



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

O aspirante proposto/a que dentro do prazo sinalado, e agás casos de forza maior, non presentasen a documentación referida ou non reúnan os requisitos esixidos non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas e sen efecto todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidera incorrer por falsidade na súa solicitude de participación no proceso selectivo.

Pola Alcaldía procederase ao nomeamento do aspirante proposto polo Tribunal unha vez haxa aportado a documentación precisa, que se publicará no Diario Oficial de Galicia sen prexuízo da notificación persoal do nomeamento.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de un mes, contados desde o día seguinte á notificación do nomeamento; previamente deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril. De non tomar posesión no prazo indicado os nomeados quedarán na situación de cesantes, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

### **13ª.—Carácter vinculante das bases**

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo convocados.

### **14ª.—Incidencias**

O tribunal do proceso selectivo quedan facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

### **15ª.—Réxime xurídico**

No non previsto nestas bases estarase ao establecido na Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, Decreto 243/2008, do 16 de outubro polo que se desenvolve a Lei 4/2007; Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada; Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes; Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

xeral do estado; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, e demais disposicións concordantes e de xeral aplicación.

### **16ª.—Disposición final**

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común das administracións Públicas, a Lexislación reguladora das bases do réxime local, así como na Lexislación reguladora da xurisdicción contencioso administrativa, segundo corresponda.

Así mesmo a Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común das administracións Públicas.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

